



*Transferencia de Crédito 020T/19 (38/19)*

*Expte. Cividas: 2019018583*

*Expte. relacionado: 2018019834*

*TR – 020T/2019*

## **DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 23/05/2019 (ref: 131/2019), refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda en data 23 de maio, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería delegada de Medio Ambiente, mediante Providencia asinada o 21 de maio.

Visto o Oficio nº 258/19 da Intervención Municipal de data 11 de xuño devolvendo o expediente por “exceder do ámbito dunha administración ordinaria”.

Vista a solicitude de informe xurídico sobre o particular, realizada polo Xefe do Órgano de Xestión Económico e Orzamentaria en data 12 de xuño (ref oficio nº 035/2019). Sendo emitido o informe polo Oficial Maior en data 17/06/2019, informe que foi posto en coñecemento do Servizo solicitante da modificación orzamentaria.

Asinada proposta en data 09/07/2019 polo Concelleiro Delegado de Medio Ambiente reiterando a necesidade de continuar coa tramitación do expediente de modificación de crédito, emítese en data 09 de xullo informe favorable por parte da Intervención Xeral (ref: 20T/19).

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 020-T/2019, utilizando a figura das transferencias de crédito** entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

### **Área de gasto 1**

#### **A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
220.1710.61909	Act., parques, prazas e z. verdes M. Ambiente	157.492,80 €
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>157.492,80 €</b>

#### **B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
------------	------------	---------



230.1300.16000	Cota patronal S. Social Seguridade e P. Civil	157.492,80 €
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>157.492,80 €</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos e **á Concellería de Medio Ambiente** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior accidental, dou fe.

